

MANIFESTO DO SINDICATO NACIONAL DE CCOO DE GALICIA

10 DE MARZO DE 2026 | DÍA DA CLASE OBREIRA GALEGA

Polo emprego con dereitos, a igualdade real e o fortalecemento dos servizos públicos

O 10 de marzo de 2026 conmemoramos, un ano máis, o Día da Clase Obreira Galega. Esta data non é un exercicio de nostalxia: é o motor que nos mantén firmes nos valores de noso, a raíz que alimenta o noso compromiso coa xustiza social. Lembramos os feitos de 1972 en Ferrol, cando a loita polos dereitos laborais e polo dereito á negociación colectiva se converteu en símbolo de resistencia contra a ditadura e en semente das nosas liberdades actuais. Amador e Daniel, asasinados polas balas da represión, seguen vivos na nosa memoria e no noso compromiso diario.

Este ano, a conmemoración vén marcada pola ausencia de Suso Díaz, compañeiro histórico de CCOO e de Navantia, referente incuestionable do sindicalismo de clase en Galicia. A súa traxectoria asentou na coherencia, a entrega absoluta á causa dos traballadores e traballadoras e a capacidade de combinar a loita nos centros de traballo co compromiso político e social. Suso representa a esencia de CCOO: a responsabilidade, o compromiso e a entrega da vida ao servizo dos demais. A súa despedida non é só unha perda persoal, é unha chamada á responsabilidade para todas e todos os que formamos parte das CCOO. A memoria histórica do sindicalismo non se constrúe só con nomes do pasado, senón coa continuidade da loita que eles encarnaron.

O ESCENARIO ACTUAL: RETOS URXENTES

Logo de superar o medio século desde a morte do ditador, Galicia enfróntase a un momento crucial. O autogoberno debe servir para avanzar, non para retroceder. E, porén, as políticas dos últimos anos deixan a nosa terra nunha situación de precariedade estrutural que afecta especialmente á mocidade e ás mulleres.

A realidade laboral é preocupante. Malia os avances da reforma laboral de 2021 na redución da temporalidade, a súa aplicación efectiva en Galicia enfróntase a resistencias por parte dun empresariado que segue a apostar pola flexibilidade extrema. Os datos de emprego ocultan salarios insuficientes, xornadas parciais involuntarias e contratos temporais encadeados que impiden proxectos de vida dignos. As inspeccións de traballo denuncian acotío prácticas irregulares que CCOO leva anos perseguindo: falsos autónomos, despedimentos encubertos, salarios por debaixo do convenio e incumprimentos sistemáticos da normativa de prevención de riscos.

A crise industrial en Galicia—especialmente no sector naval, sector da automoción e empresas auxiliares— mantén en vilo a milleiros de familias galegas. No sector naval, a falta de carga de traballo ten en alerta os estaleiros de Ferrol e Vigo. No automóbil, Stellantis Vigo viuse obrigada a paralizar a produción en varias ocasións durante 2025 por dificultades de aprovisionamento e caída de vendas, a pesar de acadar fitos de produción. A falta de investimento público suficiente e a ausencia dunha política industrial propia e ambiciosa por parte da Xunta de Galicia deixa no tecido produtivo nunha situación de incerteza permanente. Mentres se anuncian axudas puntuais e proxectos estratéxicos illados, a desindustrialización continúa avanzando sen unha planificación a longo prazo que garanta o mantemento das capacidades estratéxicas para o país, especialmente nos territorios máis dependentes da industria, como Ferrolterra e a comarca de Vigo.

A transformación ecolóxica e dixital é necesaria e urxente. Non pode realizarse de costas á sociedade e dos dereitos laborais. A xustiza climática debe ir acompañada de xustiza social: reindustrialización verde, formación continua financiada, transicións xustas para os sectores en declive e garantía de que os novos empregos serán de calidade, con convenios colectivos que aseguren salarios dignos.

SERVIZOS PÚBLICOS EN RISCO

A situación dos servizos públicos en Galicia é especialmente preocupante. A sanidade pública, despois de anos de recortes e privatizacións encubertas, mostra síntomas de colapso nas listaxes de espera, na atención primaria e na falta de profesionais. A xestión da Xunta prioriza a externalización e a concertación con empresas privadas sobre a fortaleza da rede pública, degradando un dereito fundamental.

O ensino público segue a sufrir unha falta de investimento que se traduce en falta de prazas públicas, menos profesorado especializado e infraestruturas obsoletas. A aposta pola educación concertada, financiada con fondos públicos, supón unha transferencia de recursos que deberían destinarse á escola pública, garantía de igualdade de oportunidades.

A dependencia e a atención ás persoas maiores convertéronse nun negocio para as empresas privadas, mentres o sistema público de servizos sociais queda desmantelado. As traballadoras das residencias e dos servizos de axuda no domicilio, a maioría mulleres, soportan condicións laborais indignas con salarios de miseria e xornadas interminables.

10 DE MARZO
Día da Clase Obreira Galega

CCOO
WWW.CCOO.GAL
Compañías Obreiras

EMPREGO
E SALARIOS
DIGNOS

PARA UNHA
VIDA DIGNA

Malia o crecemento económico, os salarios en Galicia seguen por debaixo da media estatal e europea. A perda de poder adquisitivo acumulada na última década non se recuperou e os incrementos de salarios actuais vense anulados polos prezos da vivenda. Doutra banda, a inflación, aínda que moderada, segue a erosionar a capacidade de compra das familias traballadoras. CCOO mantén a esixencia dunha suba salarial xeral que recupere o poder adquisitivo perdido e garanta unha distribución xusta da riqueza. O sistema público de pensións, aínda que defendido con éxito fronte aos intentos de privatización, require unha actualización urxente das bases de cotización para eliminar a fenda de xénero e garantir pensións dignas para toda a poboación. A precariedade laboral actual está a xerar futuros pensionistas con dereitos mínimos, condenando á pobreza a quen traballou toda a vida.

ESIXENCIAS URXENTES

Con motivo do Día da Clase Obreira Galega, CCOO de Galicia fai un chamamento público á mobilización. Galicia precisa un cambio de rumbo que poña as persoas no centro das políticas públicas. Esiximos: emprego de calidade, servizos públicos fortalecidos, igualdade real, xustiza fiscal e social, pensións e salarios dignos, memoria e dereitos.

COMPROMISO COA MEMORIA, LOITA POLO FUTURO

A responsabilidade e o compromiso que caracterizaron os feitos de 1972 en Ferrol, e que Suso Díaz encarnou na súa vida, fanse hoxe máis necesarios ca nunca. Non podemos permitir que a desigualdade, a precariedade e o desmantelamento dos servizos públicos se normalicen como destino inevitable.

Galicia só poderá mudar as políticas coa loita da clase traballadora nos centros de traballo, empresa a empresa, sector a sector, asentando ese cambio tamén nas rúas, loitando de par da cidadanía na esixencia de políticas para as maiorías.

Fronte á demagogia sindical partidista e a desvalorización das condicións de vida, seguiremos traballando para que as incertezas muden en seguridades, sen deixar a ninguén atrás.

Coa memoria de Amador, Daniel e Suso e de todas as compañeiras e compañeiros que construíron este sindicato con sacrificio e esperanza, seguimos adiante.

VIVA A CLASE OBREIRA GALEGA!
VIVA O DEZ DE MARZO!
VIVAN AS COMISIÓNS OBREIRAS!

WWW.CCOO.GAL